


REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 01/10/2020 11:51:31

SAIDA

11194/20



Reclamante: [REDACTED] en representación de [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 62/2020

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vistas a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] mediante escrito do 11 de xuño de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 29 de setembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] en representación de [REDACTED] presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 11 de xuño de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno contra a Resolución do 9 de xuño de 2020, da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se inadmite a súa solicitude de consulta e copia da documentación pública en poder da citada Consellería relacionada co xacemento Cova de Furada dos Cas (GA 270300008), Vilamor, Mondoñedo, Lugo.

O 14 de xaneiro de 2020, a [REDACTED] solicitou á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura e Turismo a consulta e copia da documentación pública en poder da Consellería de Cultura e Turismo relacionada co xacemento arqueolóxico Cova de Furada dos Cas (GA 270300008), ubicado na parroquia de Vilamor, Mondoñedo, Lugo.

Esta solicitude foi inadmitida por Resolución do 29 de xaneiro de 2020 da Dirección Xeral Patrimonio Cultural, contra á que a [REDACTED] presentou recurso ante a Comisión de

Transparencia de Galicia, expediente RSCTG 21/2020, que emitiu resolución con data 6 de marzo de 2020 estimando a reclamación presentada e instando á Consellería a que previo requirimento de concreción da solicitude, se respondese á petición de información solicitada.

A Xefatura Territorial requiriu á ██████████ para que procedese á concreción da solicitude por considerala inconcreta e xenérica. A ██████████ remite escrito no que expón que solicita concretamente a documentación pública que existe sobre este xacemento na Consellería de Cultura e dado que a asociación non pode coñecer co grao de exactitude que se lle esixe, o contido da documentación relacionada coa Cova e para satisfacer adecuadamente o seu requirimento, solicitou unha relación certificada da documentación que obra en poder da Consellería nese expediente.

Con data do 9 de xuño de 2020, por Resolución da Dirección Xeral Patrimonio Cultural, se desestima novamente a súa solicitude de acceso á información pública, alegando falta de concreción.

A asociación considera que a Xefatura Territorial lle esixe unha concreción na solicitude que non poden aportar, xa que descoñece os documentos concretos e as datas de emisión que figuran no expediente, polo que consideran que vulnera o seu dereito de acceso.

Os escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada, do DNI do representante e da acreditación da súa representación.

Segundo. Con data 7 de maio e 1 de xuño de 2020 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante á Consellería de Cultura e Turismo para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

Terceiro. Con data do 29 de xullo de 2020 a Consellería de Cultura e Turismo contesta á petición remitindo o informe solicitado.

No informe a Xefatura Territorial da Consellería manifesta que o volume de documentación xerada en relación co xacemento en diversos departamentos da Consellería, fai inabarcable acceder á pretensión do solicitante dado que os rexistros sobre o xacemento arqueolóxico solicitado remóntanse ao ano 1991 e o volume de documentación xerada neste tempo. A esta problemática debe engadírselle a falla de concreción temporal da solicitude da Asociación.

Afirma a Consellería que a documentación asociada ao xacemento xerada dende o ano 1991, está sistematizada e arquivada ao longo destes anos de xeito moi diverso e as tarefas necesarias para preparar a documentación esixirían o desprazamento do persoal do departamento competente ao arquivo correspondente e a revisión dunha cantidade de documentación moi extensa en distintos departamentos da Consellería en distintas cidades,

polo que debe cualificarse de abusiva a solicitude, por supoñer unha interferencia evidente no principio de eficiencia que debe presidir a actuación desa Administración.

Considera así mesmo a Consellería que neste caso resulta evidente que a petición de acceso non se axusta á finalidade da Lei 19/2013 e que non existe previsión normativa ningunha que esixa paralizar o normal funcionamento dun órgano para recompilar documentación de hai 29 anos e de tipoloxía tan diversa.

A Consellería, tras a resolución da Comisión da Transparencia no expediente RSCTG 21/2020, requiriu á entidade solicitante a concreción da solicitude realizada, advertíndoa de que de non achegar esta documentación no prazo que se lle concedeu, se lle terá por desistido da súa solicitude.

A entidade solicitante remite escrito no que a Consellería considera que non concreta de forma suficiente a información solicitada xa que di descoñecer o grao de exactitude que se lles esixe na documentación relacionada co xacemento, polo que solicita unha relación certificada da documentación que a Consellería de Cultura ten no seu poder sobre o xacemento polo que a Consellería ten a asociación por desistida.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consello de Transparencia e Bo Goberno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, reconece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

Cuarto. Prazo para a interposición do recurso

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

De acordo coa información que figura no expediente, a Resolución da Consellería de Cultura e Turismo é do 9 de xuño de 2020 e a reclamación ten data de entrada no Rexistro do Valedor do Pobo o 11 de xuño, polo que debe admitirse por estar presentada en prazo.

Quinto.- Análise do expediente

A Consellería de Cultura e Turismo considerou que a [REDACTED] non concretou a que información solicitaba ter acceso, por canto manifestou que non podía coñecer que documentación relacionada co xacemento esta en poder da Consellería e lle solicitou que se lle remitise unha relación certificada da documentación que a Consellería ten no seu poder sobre o xacemento.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública, tendo dereito o solicitante, a recibir da Administración a orientación e asesoramento necesario para o exercicio deste dereito, tal e como establece o artigo 26 da Lei 1/2016.

Na reclamación da que trae causa este expediente (RSCTG 21/20) a Comisión da Transparencia considerou que a falla de concreción temporal da solicitude, unido ao feito de que a información se atope en varios departamentos, non pode considerarse como xustificante para a inadmisión dunha solicitude de acceso á información. Se a [REDACTED] carece da información sobre que documentación contén o expediente, unha forma de que poida concretar a súa solicitude, e pedir como así fixo, que se lle remita unha

relación da documentación que a Consellería di ter *sistematizada e arquivada*, a fin de que poida sinalar cal é a do seu interese.

Outra forma de que a solicitante puidese concretar a súa solicitude, seria darlle vista, nas distintas dependencias da Administración onde se atopa a documentación, para que a asociación indique cal é a do seu interese. Calquera destes procedementos ou calquera outro que poida a Xefatura Territorial establecer, permitiría que a [REDACTED] puidese concretar a información que é do seu interese, e permitiría, coa obrigada orientación e asesoramento que debe prestarse por parte da Administración, exercer á [REDACTED] o seu dereito de acceso á información pública.

En opinión desta Comisión, considerar que a [REDACTED] desiste da súa solicitude por pedir que se lle remita unha relación da documentación da que consta un expediente, documentación da que a Administración ten afirmado que ten sistematizada e arquivada, é contrario ao exercicio do dereito de acceso á información recoñecido pola normativa vixente na materia. Debe por tanto a Consellería facilitar, a través dos mecanismos indicados, ou a través de calquera outro que considere convinte, que a [REDACTED] poida coñecer que documentación consta no expediente para poder concretar cal é a do seu interese, debendo proporcionarlla, previa valoración da posible existencia de límites no acceso á mesma de acordo cos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

ACORDA

Primeiro: Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] en representación de [REDACTED] con data do 11 de xuño de 2020, contra a Resolución do 9 de xuño de 2020, da Dirección Xeral Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se inadmite a súa solicitude de consulta e copia da documentación pública en poder da citada Consellería relacionada co xacemento Cova de Furada dos Cas (GA 270300008), Vilamor, Mondoñedo, Lugo.

Segundo: Instar á Consellería competente en materia de cultura a que, previa adopción do procedemento que permita á [REDACTED] concretar a información do seu interese, responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 20 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

Terceiro: Instar a Consellería de Cultura e Turismo, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles dende que se responda á petición de información, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 262/120208, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,
Firmado digitalmente por 76706870F
MARIA DOLORES FERNANDEZ (R:
S6500009C)
Fecha: 2020.10.01 09:30:31 +02'00'
María Dolores Fernández Galiño
Presidenta da Comisión da Transparencia.